

Queridas familias, volvo a poñerme en contacto convosco e mándovos todo o meu cariño. Propoño outras poucas tarefas, procurarei que sexan o mais lúdicas posibles e que pasedes un momentíño entretido.

## INFANTIL

Unha curiosidade entrañable. Sabedes de onde ven o nome de Pocoyó? Parece ser que unha das fillas dun dos seus creadores rezaba “O Xesusiño de mi vida”, dicindo “eres niño Pocoyó” en vez de “eres niño como yo”.

- ❖ Vamos a recordar esa bonita oración: “Jesusito de mi vida”  
<https://www.youtube.com/watch?v=4q-vmFj12DQ>



- ❖ Se queres, podes facer un debuxo e pintar un corazón ou outra cousa bonita que lle guste a Xesús.

## PRIMARIA

As persoas somos o gran soño de Deus. El aposta por nós.


- ❖ Escoitamos e cantamos: Chiflado por ti (Unai Quirós)  
<https://www.youtube.com/watch?v=ENIyfTVJ6ys>

## CURSOS: 1º e 2º

Querido Deus, podemos falar como facemos co noso papá. Todo o que che dicimos, encóntralo importante.

- ❖ Recordamos a oración do noso Pai, escoitando a oración que Xesús nos ensinou: "Padrenuestro" <https://www.youtube.com/watch?v=rotLBQU1j70>

# Padre Nuestro



Padre nuestro, que estás en el cielo,  
santificado sea tu nombre,  
venga a nosotros tu reino,  
hágase tu voluntad  
en la tierra como en el cielo.  
Danos hoy nuestro pan de cada día,  
perdona nuestras ofensas  
como también nosotros perdonamos  
a los que nos ofenden,  
no nos dejes caer en la tentación,  
y líbranos del mal.  
Amén

- ❖ Despois de ver o vídeo, elixe unha escena, copia a frase que aparece no encabezamento e fai un debuxo (podes copialo da imaxe ou inventar algo que estea relacionado)  
Fíxate na narración e no que aparece escrito a pé de páxina. Podes paralo vídeo para ler con calma.

## **CURSOS: 3º e 4º**

**QUE GUSTO DÁ VER XENTE BOA!** Nestes tempos de crise vemos moitos xestos bonitos: Voluntarios que levan comida ás persoas maiores, familias que colaboran e comparten o seu tempo, sanitarios que arriscan a súa vida polos demais, policías e veciños que botan unha man, xente que ofrece os seus pisos e hoteis, asociacións como Cáritas, Cruz Vermella... sacerdotes que acompañan e consolan á xente que está maliña... Non me quero olvidar dos nenos que aguantades como campións e vos esforzades en facer as cousas ben.

- ❖ Busca en xornais ou revistas algunha boa nova que reflecta comportamentos e valores como os que aprendemos con Xesús, escolle un e fai un debuxo. Outra opción é inventar o titular pola vosa conta e ilustralo.
- ❖ Despois de escoitar a canción do enlace que poño no apartado de primaria “Chifado por tí” <https://www.youtube.com/watch?v=ENlyfTVJ6ys>. Inventa unha oración sinxela para dedicarlle a Xesús.

## **CURSOS: 5º e 6º**

Que estupendo e que ben nos sentimos cando no noso camiño se cruzan persoas boas, positivas e sinxelas que poñen o seu corazón en cada unha das súas accións, que dan todo a cambio de nada. A xente que fai o ben sente unha gran satisfacción polo traballo ben feito. Esa é a felicidade da que nos fala Xesús.

Nas tarefas que vos mandei anteriormente quedamos falando da Resurrección de Xesús. Cántannos os Evanxeos que aqueles primeiros cristiáns chamaban a atención pola súa maneira de vivir, daban verdadeiro exemplo. Eran valentes en tempos difíciles, xa que eran perseguidos por crer en Xesús. Repartían o que tiñan e reuníanse frecuentemente para escoitar as ensinanzas dos apóstolos. Celebraban a Eucaristía e vivían cun gran compromiso que se manifestaba no amor aos demais. Confiaban plenamente en Xesús e sabían que estaba con eles.

Recordamos os nomes dos apóstolos “Himno tema- 12 discípulos. Ministerio Infantil”:  
<https://www.youtube.com/watch?v=Eo8xLtZyYec>

- ❖ Despois de escoitar a canción, escribe os nomes dos 12 apóstolos.
- ❖ Vocabulario: Consulta no dicionario as palabra apóstolo e discípulo. Todos os apóstolos son discípulos, pero, todos os discípulos son apóstolos? Razona a túa resposta.
- ❖ Acabamos cunha canción: “Credo” Nestor Gallego- Fano  
<https://www.youtube.com/watch?v=Rqt8i TfJf4>

Esta canción é unha adaptación do Credo Apostólico, chamado así porque é un resumo de fe baseado nas ensinanzas dos apóstolos.



*Papa Francisco: "O que axuda aos demais está no camiño correcto hacia Xesús"*